



A dirección informa:

Unha vez obtida a autorización de mobilidade para votar a xornada única para o vindeiro curso 2022-2023 infórmase do seguinte:

- O horario solicitado para E. Infantil e E. Primaria é:

Horario lectivo	9:30 a 14:30 (todos os días)
Comedor	14:30 a 15:30
Horario de transporte	9:30 (entrada) / 15:30 (saída)

- Haberá **1 soa quenda** de comedor para todo o alumnado que o solicite, tanto de Infantil como de Primaria.
- A partir das 15:30 ofertarase:
 - Plan Concilia (tardes divertidas)
 - Actividades Extraescolares.
 - Biblioteca escolar de martes a venres de 15:30 a 17:30.
- Os luns de 15:30 a 17:30 estableceranse as reunións de profesorado e as titorías coas familias.

Tedes máis información detallada do proxecto na web do centro na [PXA no punto 31](#).

No informe emitido por mobilidade (transporte escolar) infórmase do seguinte:

1. A modificación non ocasiona incremento de custos adicionais en recursos educativos complementarios de comedor escolar e transporte escolar, xa que no proxecto de explotación XG-845, non sería necesaria a contratación de servizos de transporte adicionais.
2. O cambio horario suporá a implantación da xornada única de mañá para EI e EP. Será para todo o curso, podendo variar 10 minutos na entrada e na saída dependendo das necesidades que poidan xurdir no transporte escolar.

O censo electoral estará exposto no taboleiro do Centro do 18 ao 2 de xuño. Establécense días de reclamacións ao censo, do 3 de xuño ao 9 de xuño.

O día da **votación** será o **luns 13 de xuño**.

Constituirase unha mesa electoral para o efecto composta pola dirección do centro, que a presidirá, e dúas nais, pais, ou titoras, titores legais, designados por sorteo público, actuando como secretaria ou secretario a persoa de menor idade. En previsión de posibles ausencias, no sorteo designaranse titulares e suplentes. Avisarase por Abalar Móbil do día do sorteo.

Ademais, informarasevos nos días previos á votación do lugar, hora e medidas de protocolo COVID para ese día.